

MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega), é unha axencia pública autonómica que ten entre os seus obxectivos fundamentais o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, estudo e apoio de actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación de tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro enerxético, o fomento do uso racional da enerxía así como intentar acadar que na sociedade galega exista un coñecemento do contexto enerxético actual e divulgar a importancia fundamental da utilización eficiente da enerxía.

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, a axencia Instituto Enerxético de Galicia poderá cooperar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado a través de convenios (art. 9.1 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 142/2016, do 22 de setembro).

É de interese conxunto das entidades asinantes, potenciar o aforro, a eficiencia enerxética e o uso das enerxías renovables co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura enerxética, potenciando o autoconsumo no sector público autonómico.

Preténdese a sinatura dun convenio que teña por obxecto impulsar o emprego das enerxías renovables nos albergues do Camiño de Santiago de O Pino e Caldas de Rei, en concreto na instalacións de sistemas de xeración térmica a partir de biomasa, co fin de dar servizo enerxético a estes centros.

Coa presente actuación realizaranse actividades de interese público, social e económico.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 50.1. da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público e no artigo 15.3 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura deste convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Xerente

Vanessa Cal Ríos

